

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A programación que se expón a continuación ten como referencia o decreto 155/2022 do 15 de setembro do 2022, que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e pretende guiar a práctica docente para o alumnado do 4º nivel do CPI de San Vicente de A Baña, durante o ano académico 2023-2024, na materia de Ciencias Sociais.

O cuarto nivel de educación primaria conta cun total de 13 alumnos e alumnas. O 84,61% do alumnado acadou unha avaliación positiva nesta materia o curso pasado. Non acadaron os obxectivos un alumno procedente de Portugal (que se incorporou no 3º trimestre), e unha alumna procedente de Marrocos (que o fixo a comezo de curso)

A lingua predominante da maioría do alumnado é o galego, factor favorable nesta materia que se imparte en lingua galega, aínda que cabe dicir que o alumno e a alumna que non acadaron os obxectivos na materia mencionados anteriormente, teñen dificultades para comprender e expresarse tanto oralmente como por escrito nesta lingua.

Na área de Ciencias Sociais, partiremos do centro de interese do alumnado e a súa realidade próxima, achegándoo ao descubrimento, a observación e a indagación dos distintos elementos naturais, sociais e culturais do mundo que o rodea.

O obxectivo será que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Teremos en conta os 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, formando individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

A área estrutúrase en catro bloques: Ciencia e tecnoloxía, O mundo e o desenvolvemento sostible, Vivir en sociedade e Leccións do pasado. Contidos que deben seguir necesariamente unha orde cronolóxica, senón que deben traballarse de forma integrada.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A terra, o noso planeta	Nesta unidade coñeceremos mellor o espazo, así como a Terra, o lugar onde vivimos, analizaremos a enerxía que esta posúe e como ás veces se manifesta en terremotos ou erupcións volcánicas, provocando catástrofes. Estudaremos tamén como actuar ante estas emerxencias	20	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A terra, o noso planeta	na medida das nosas posibilidades.	20	20	X		
2	O clima. Como está cambiando	Coñeceremos as zonas climáticas, especialmente o clima de Galicia e de España. Causas e consecuencias do cambio climático. Propostas de accións que podemos levar a cabo para combatelo.	20	20	X		
3	Cantos somos e onde vivimos?	Traballaremos a localización do territorio de España, a súa forma de goberno, como é a súa poboación e como se reparte. Coñeceremos dentro de España as distintas comunidades autónomas e a importancia da convivencia e o respecto mutuo entre as persoas que comparten un mesmo territorio. A valoración dos principios democráticos e o respecto dos dereitos e deberes recoñecidos na constitución.	20	20		X	
4	Producimos de forma responsable?	Estudaremos a utilización, transformación e distribución dos recursos que nos proporciona o noso planeta para mellorar a nosa vida. Consecuencias da excesiva explotación dos recursos naturais e a acumulación de residuos e a contaminación do aire, as augas e o solo para o planeta. Importancia de tomar conciencia das consecuencias dos nosos actos, ser responsables e actuar en consecuencia.	20	20		X	
5	A Prehistoria e a Idade Antiga	Analizaremos dúas etapas da historia: a Prehistoria e a Idade Antiga . O alumnado fará un proxecto de investigación, buscando información en internet e expoñendo ante os compañeiros/as os seus traballos.	20	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A terra, o noso planeta	20

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos do medio natural, social e natural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	O clima. Como está cambiando	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural	PE	60
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información, de diferentes fontes.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
3	Cantos somos e onde vivimos?	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.	PE	60
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir as principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - A organización política e territorial de España. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	Producimos de forma responsable?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	60
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreprodución. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	A Prehistoria e a Idade Antiga	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información, de diferentes fontes.	PE	60
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	40
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

Contidos

- As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga).
- A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.
- O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.
- Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto e libro dixital Santillana
Caderno e arquivador
Ordenadores da aula e da aula de informática.
PDI
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible (bolígrafos, lápices, cartolinas, bólas de porexpan, folios, cartón, ...).
Globo terráqueo
Aula virtual do centro (vídeos, fichas interactivas, enciclopedias, dicionarios, tests, ...).
Libreoffice writer // Word

Google Earth
Liveworksheets
Kahoot
Mapas e láminas de cada unidade.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

Dentro dos recursos, cómpre salientar o uso das bibliotecas da aula e do colexio como centro de recursos de aprendizaxe ou centro de recursos de información. Unha mención específica merece a utilización das TIC, usadas como fontes informativas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso, ou ao inicio de cada unidade didáctica.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

Tamén é de especial interese a información que nos aportarán os informes individualizados do curso anterior, memoria de fin de curso, as entrevistas coas familias, e sobre todo a información aportada polo equipo docente do curso anterior.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

En cada unidade didáctica faremos unha proba escrita na que se avaliarán un ou varios CA (segundo indicamos no apartado 3), e mediante táboas de indicadores ou rúbricas nas que valoraremos os seus traballos, as exposicións

destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. A proba escrita terá un peso do 60%, e a táboa de indicadores o 40%.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.

No caso de obter un número decimal na cualificacións, aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7).

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

A avaliación durante a etapa de Educación Primaria é continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe, feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Para as situacións en que algún dos contidos e CA non sexan adquiridos polo alumnado, segundo os datos das táboas de indicadores e probas escritas, pode ser necesario retomar parte ou toda a unidade didáctica e traballala con outra metodoloxía.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerese en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 50% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá un peso do 50%.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso, realizaranse actividades, tarefas e proxectos a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo, actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión, e actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida. Programaranse tamén xogos/actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan pronto como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase reforzo educativo coa finalidade de que este ou esta, adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao perceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican contidos e tarefas.

No caso de alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio de curso ou ao longo do curso solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase reforzo educativo para eles, e traballarase na comunicación sobre todo a través de imaxes.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño, tipos de letra, priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación oral, escrita, visual e/ou táctil... Modificaranse polo tanto, se fora preciso, tempos, materiais, recursos didácticos, espazos,...para que o alumno/a progrese no proceso de ensino-aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X		X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable		X		X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.			X		
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As Ciencias Sociais serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

A maioría dos elementos transversais, estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao MUNCYT	Visitaremos no terceiro trimestre o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía			X
Planetario	Visita ao Planetario da Casa das Ciencias			X
Espazo natural protexido	Visita ás marismas de Baldaio			X
A cultura castrexa	Visita a un castro da contorna	X		

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Foi funcional a programación?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón a contorna?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades e probas segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas e as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente.

Dita avaliación levarase a cabo en dous momentos: durante o desenvolvemento da unidade didáctica e ao remate da mesma. Estes momentos teñen a finalidade de recoller información obxectiva para modificar ou reorganizar a nosa práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados